



## **Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto conmemorativo da Constitución de 1978 na Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia**

Delegación do Goberno en Galicia, 05-12-2013 // 10.30h

Delegado do Goberno en Galicia,

Alcalde da Coruña,

Conselleiros,

Autoridades,

Condecorados neste acto,

Señoras e señores:

Parabéns, en primeiro lugar, a todos os condecorados neste acto. Os feitos que deron lugar a estes recoñecementos permanecerán na nosa memoria como exemplos de civismo e de recto comportamento, propios de persoas que son capaces de antepoñer o ben común ao interese individual.

Por iso, a sociedade mantén con vostedes unha débeda de gratitude. Grazas, de novo, polo tanto, no nome de todas as galegas e galegos.

O 6 de decembro de 1978 o pobo español ratificou por amplísima maioría o actual texto constitucional, que semanas antes fora aprobado polas Cortes en sesión plenaria. Debemos recordar e manter o legado desa época tan frutífera na historia de España e na instauración dunha forma

de convivencia que chega ata nós con toda a forza da súa lexitimidade. Polo tanto, felicito o delegado do Goberno en Galicia por este acto, que serve para tal fin e que axuda a revitalizar a nosa conciencia constitucional.

O núcleo básico da nosa Carta Magna mantívose intanxible desde o comezo, firmemente ancorado na liberdade, na xustiza, no pluralismo, na igualdade e na dignidade da persoa. Estas categorías son os verdadeiros alicerces da nosa lei básica, categorías que permiten dotarnos dun esixente respaldo axiolóxico para o funcionamento dos poderes públicos e para a vida cotiá dos españois e das españolas.

Estes valores simbolizan, desde un plano de totalidade, a xustificación do sistema político, superando un formalismo ético que é substituído por unha dimensión material e substantiva que delimita o poder público.

Grazas á Constitución de 1978 España situouse no selecto grupo das sociedades democraticamente avanzadas. Grazas a este texto fundamental avanzamos cara a un desenvolvemento político e social respectuoso cos valores máis salientables.

Congratulámonos, pois, do acerto daqueles pais fundadores que abriron as nosas vidas á excelencia democrática. Permitiron reorganizar a nosa vida política e reformar o noso ordenamento xurídico superando os erros do pasado e ofrecendo bases firmes para o actual réxime político democrático, aberto e capaz de incluír no seu ámbito opcións diversas que reflicten a propia heteroxeneidade social. A evolución histórica corroborou o acerto daquel consenso de hai xa trinta e cinco anos.

Señoras, señores,

Fronte aos que tratan de rachar este documento de 1978 debemos manifestar o noso máis forte compromiso con el. Esta Carta Magna posibilitou a verdadeira modernización de España e foi quen de conxugar a unidade do conxunto e a autonomía dos territorios. A fórmula do diálogo que alí se contén cobra singular forza na actualidade, tan proclive a instrumentos de democracia deliberativa. Polo tanto, rexeitamos opcións disgregadoras, que só traerán inxustiza social e insolidariedade.

A Constitución de 1978 é a Constitución das persoas, da cidadanía libre e soberana que decide, que participa, que delibera para alcanzar as decisións máis acordes co interese xeral. Os seus aspectos máis esenciais tratan de garantir a posición da persoa, tanto na súa dimensión individual como na súa proxección na esfera comunitaria. Contémpanse varias xeracións de dereitos, mecanismos para a súa garantía, vías de participación cidadá, opcións diversas de control do poder. Un conxunto variado de previsións para salvagardar unha digna calidade de vida. O espírito dos homes e mulleres libres e iguais esténdese por todo o articulado da Constitución como marca indeleble que debería concitar o complicitade de todos nós.

Como actual presidenta da Conferencia de Asembleas Rexionais Europeas (máis coñecida co acrónimo CALRE) tamén quero subliñar as bondades de facer “máis Europa”, de insistir desde a esfera constitucional no sentido da vertebración das nacións europeas ampliando, se é preciso, as importantes posibilidades que ofrece o artigo 93 da nosa Lei fundamental. “Máis Europa” é tamén máis Galicia e máis España nun momento en que debemos sumar e non restar, en que temos que asumir a responsabilidade histórica ante a cal nos atopamos, nunha época en que hai que apostar pola integración sobre a base do interese xeral.

Persuadidos por este sentimento constitucional e pola lealdade á verdadeira vida democrática, súmome con ledicia á festa da nosa Carta Magna. Parabéns a todos os demócratas.

Moitas grazas.